

# OS VERDES. RIÓ ANLLÓNS

Adela Leiro, Mon Daporta  
marzo 2021



Distancia: 4 km (ida e volta)

Dificultade: baixa



A área de lecer dos Verdes, no concello de Coristanco, é un lugar moi coñecido e visitado, un espazo á beira do río Anllóns, o río máis importante da Costa da Morte, tantas veces citado na obra de Eduardo Pondal, xerador e alimentador da ría de Corme e Laxe na que contribúe a formar e manter a coñecida frecha, un río protexido como LIC en case todo o seu percorrido.

Os Verdes é un espazo de relevo irregular, con numerosos rápidos, pequenos saltos, rochas e pequenas illas, no que se asentan varios muíños que foron restaurados hai anos -e que agora atopamos un pouco esquecidos- entre os que se construíron pontes e pasarelas que crean un percorrido laberíntico no que, aquí e alá, atopamos mesas e asentamentos nos que descansar, botar un anaco gozando do lugar á sombra das árbores, escoitando os sons da auga, ou onde degustar un

petisco; tamén pode ser simplemente o punto de partida ou de chegada de algún dos roteiros pola contorna.

A ruta sinalada no propio lugar é a que vai dos muíños dos Verdes, construcións de bo porte e tamaños variados, á ponte Dona, unha pontella tradicional con fortes tallamares que se enfrontan, desde hai moitos anos, a canto o río pode arrastrar na súa corrente.



Pequena ferverza na área de lecer dos Verdes



## PERCORRIDO

Unha camiñada curta, non chega aos 2 km (4 km coa volta), mais non doada, case chan, pero con algúns puntos difíciles sobre todo se está húmido porque o terreo, compactado e de material moi fino, e as rochas, chans e lisas, resultan moi esvaradías. No traxecto camiñaremos entre a liña de árbores da ribeira e os plantados (maiormente eucaliptos) acompañando o percorrido do río mentres escoitamos máis que vemos os paxaros, gozamos da cor, do verde de estrea, e da sombra das follas novas dos freixos, os salgueiros, os ameneiros, moitos afectados polo fungo que os devasta, e os carballos, o verde escuro dos loureiros e as ducias de formas e cores das herbas, e as flores que se afanan por facerse ver neste tempo de primavera. Esta ruta tamén ten a opción de facela circular, de 4,5 km, se chegando á ponte Dona a cruzamos e logo no camiño collemos, ao pé da primeira casa, o desvío á dereita polo que subimos ao terreo de monte, toxos e eucaliptos, e máis adiante estrada asfaltada que nos leva ao lugar dos Verdes e baixa ao río.

Para chegarmos aos Verdes saíndo de Coristanco cara a Carballo, xusto ao pasar a rotonda de acceso ao centro comercial, temos un desvío á esquerda que nos leva, nuns 7 km, ao lugar, onde temos, ao pé das casas, á esquerda, o desvío sinalizado, moi estreito, que nos leva ao refuxio. Se imos en coche témolo que deixar un pouco antes de chegar abaixo, no espazo do bar.



O río Anllóns nos Verdes





Nos Verdes consérvanse os restos de numerosos muíños e dun batán.





Os verdes



Paredes rochosas no canón do río



A Ponte Dona, entre Coristanco e Ponteceso



O río espella as árbores, contido nun atranco preto da Ponte Dona.



Frondes en desenvolvemento de dous fentos, arriba dentabrú (*Osmunda regalis*) e á dereita *Blechnum spicant*.



Flor do vento (*Anémone nemorosa*), unha planta típica dos bosques húmidos.



Freixo sobre o río